

<i>Campus de Vigo</i>	EU de Maxisterio María Sedes Sapientiae (centro adscrito)	Grao en Educación Primaria
<i>Campus de Ourense</i>	Facultade de Ciencias da Educación	
<i>Campus de Pontevedra</i>	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	

Rama de coñecemento

Ciencias sociais e xurídicas

Prazas

75 en EU de Maxisterio María Sedes Sapientiae
75 en Facultade de Ciencias da Educación
75 en Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

Presenta como obxectivos fundamentais a formación psicopedagóxica, lingüística, sociolóxica, científica, tecnolóxica, artística e axiolóxica do futuro profesorado

de educación primaria, titulación con longa tradición e interese tanto no noso entorno como no conxunto do país.

Áreas

— Docencia: formación en centros de educación infantil, mestre/a en centros penitenciarios, mestre/a en hospitais, mestre/a en ONG, fundacións...
— Asesoría: asesoramento en planificación e deseño de xogos educativos, na elaboración de materiais didácticos.

— Actividades socioculturais: servizos educativos de soporte á escola (museos, concellos, campos de traballo...); educación no tempo libre, intervención en programas de atención á infancia; planificación, deseño e desenvolvemento de actividades extraescolares e lúdico-festivas.

Saídas profesionais

— Colexios privados e concertados
— Editoriais
— Academias

— Cooperativas de ensino
— Actividades extraescolares
— ONG (Unicef...)

Mencións

— Campus de Ourense: afondamento curricular, linguas estranxeiras, educación especial
— Campus de Pontevedra: afondamento curricular, educación física, educación musical

— Campus de Vigo: afondamento curricular, audición e linguaxe